



2º EXERCICIO: PARTE ESPECIFICA

INSTRUCCIÓN:

1. - Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
2. Esta proba consiste nun cuestionario eliminatorio de contido teórico práctico da parte específica do programa, de 100 preguntas tipo test con 10 de reserva (as 10 últimas, da E101 á E110), que deberán ser contestadas entre os números **E1** e **E110**, no corpo principal da "FOLLA DE RESPOSTAS".
3. - O tempo total de realización do exercicio, é de **150 minutos**.
4. - Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
5. - Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
6. - Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
8. - Ao rematar o seu exercicio, no suposto de que non teña que realizar o exercicio de lingua galega, advírtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS", no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.
Se ten que realizar o exercicio de lingua galega, permaneza no seu lugar. Ao finalizar o exercicio, garde este cuestionario no chan, baixo o seu asento e espere as indicacións para realizar a continuación o outro exame, en unidade de acto.

EXAME EN GALEGO

***LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS QUE FIGURAN NO REVERSO
DA FOLLA DE RESPOSTAS PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO***

Año	I. base 2019
2022	120
2023	135
2024	150

1. Unha serie temporal de índices simples en base 2019 como se indica na táboa, que índice simple en base 2024 tería para o ano 2023?

- A) 80
- B) 90
- C) 140
- D) 120

2. Segundo o artigo 83 da lei 39/2015, a comparecencia no trámite de información pública:

- A) Outorga, por si mesma, a condición de interesado.
- B) Non outorga, por si mesma, a condición de interesado.
- C) A incomparecencia neste trámite impedirá aos interesados interpoñer os recursos procedentes contra a resolución definitiva do procedemento.
- D) O anuncio da información pública realizarase na portal de acceso dixital da Administración actuante.

3. Conforme á Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, o Servizo Galego de Saúde financiarase cos recursos que lle sexan asignados con cargo aos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia, entre os cales NON poderán figurar:

- A) A parte que, en razón ás funcións conferidas, poida corresponderlle pola participación da Xunta de Galicia nos recursos destinados a financiar a xestión dos servizos sanitarios.
- B) Os ingresos ordinarios e extraordinarios que legal ou convencionalmente estea autorizado a percibir e, en particular, os ingresos procedentes da prestación de servizos sanitarios cando existan terceiros obrigados ao pago e os procedentes de acordos con entidades aseguradoras de asistencia sanitaria ou con outras comunidades autónomas.
- C) Os destinados polo Estado ao financiamento dos servizos sanitarios da Seguridade Social pola aplicación do establecido na Lei 21/2001, do 27 de decembro, pola que se regulan as medidas fiscais e administrativas do novo sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía.
- D) As subvencións, doazóns e calquera outra achega voluntaria de entidades e particulares.

4. Os principios aos que estará suxeita a negociación colectiva dos funcionarios públicos conforme ao artigo 33 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, serán:

- A) De legalidade, obrigatoriedade, boa fe negocial, publicidade e transparencia.
- B) De legalidade, cobertura orzamentaria, obrigatoriedade, boa fe negocial, publicidade e transparencia.
- C) De legalidade, obrigatoriedade, equidade, boa fe negocial, principios xerais do dereito, publicidade e transparencia.
- D) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

5. Segundo o establecido no Título III da Lei 44/2003, do 21 de novembro, de ordenación das profesións sanitarias, é correcto afirmar que:

- A) A Comisión de Recursos Humanos, a proposta do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde e oída a Comisión de Formación Continuada, establecerá os principios e criterios xerais para a homologación do recoñecemento do desenvolvemento profesional en todo o Sistema Nacional de Saúde.
- B) O Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde, a proposta da Comisión de Recursos Humanos e oída a Comisión Consultiva Profesional, establecerá os principios e criterios xerais para a homologación do recoñecemento do desenvolvemento profesional en todo o Sistema Nacional de Saúde.
- C) A Comisión de Recursos Humanos, a proposta da Comisión Consultiva Profesional e oído o Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde, establecerá os principios e criterios xerais para a homologación do recoñecemento do desenvolvemento profesional en todo o Sistema Nacional de Saúde.
- D) O Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde, a proposta da Comisión de Formación Continuada e oída a Comisión de Recursos Humanos, establecerá os principios e criterios xerais para a homologación do recoñecemento do desenvolvemento profesional en todo o Sistema Nacional de Saúde.

6. Nos contratos de obra, segundo o artigo 239 da Lei de contratos do sector público, cal das seguintes non ten consideración de forza maior?

- A) Os roubos, extorsións ou danos derivados de delito de natureza análoga.
- B) Os incendios causados pola electricidade estática.
- C) Os maremotos, terremotos ou erupcións volcánicas.
- D) Os destrozos ocasionados violentamente en tempo de guerra.

7. Sinale a resposta correcta sobre o Consello de Dirección do Servizo Galego de Saúde:

- A) Correspóndelle definir as actuacións nas políticas de financiamento e orzamentos, e realizar o seu seguimento.
- B) O Consello de Dirección reunirase, como regra xeral, unha vez ao trimestre e sempre que sexa convocado pola maioría dos seus membros.
- C) Corresponderalle actuar como secretario/a do Consello de Dirección, con voz e voto, á persoa titular da Xerencia do Servizo Galego de Saúde.
- D) Correspóndelle definir o acordo de xestión anual entre os servizos centrais e as áreas sanitarias.

8. Conforme se recolle na Orde do 17 de xuño de 2024, pola que se ditan instrucións para a elaboración dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025. O Anteproxecto de Lei de orzamentos xerais será formulado pola Consellería de Facenda e Administración Pública e someterao á aprobación de:

- A) O Consello de la Xunta de Galicia.
- B) O Parlamento de Galicia.
- C) O Consello Consultivo de Galicia.
- D) O Consello de Contas.

9. Segundo se establece no artigo 20, do Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, NON se poderán suspender os procedementos administrativos de constrinximento en virtude de recursos interpostos polos interesados de:

- A) Realizarse o pago do débito.
- B) Demostrar o interesado que existiu no seu prexuízo erro material ou aritmético na determinación da débeda que se lle esixa.
- C) Consignarse o seu importe.
- D) Garantirse o seu importe.

10. Unha médica interina do Servizo de Urgencias do Hospital Universitario Lucus Augusti, atópase en situación de incapacidade temporal por continxencias comúns derivadas do propio embarazo; así o acredita un informe médico emitido polo Servizo de Xinecoloxía do Hospital Clínico Universitario de Santiago. Sinalar a resposta correcta:

- A) Percibirá en concepto de mellora da prestación, ademais das retribucións que correspondan ata alcanzar a totalidade das retribucións básicas e complementarios de carácter fixo, a media das retribucións variables abonada no ano anterior ao mes en que dese comezo a situación de incapacidade temporal, na liña do establecido no artigo 6 da Lei 9/2017, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, modificado pola lei 4/2021, do 28 xaneiro.
- B) Percibirá unicamente a totalidade das súas retribucións fixas na liña do establecido no artigo 6 da Lei 9/2017, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, modificado pola lei 4/2021, do 28 xaneiro.
- C) Percibirá a totalidade das súas retribucións exceptuando o complemento de atención continuada, na liña do establecido no artigo 6 da Lei 9/2017, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, modificado pola lei 4/2021, do 28 xaneiro.
- D) Percibirá en concepto de mellora da prestación, ademais das retribucións que correspondan ata alcanzar a totalidade das retribucións básicas e complementarios de carácter fixo, a media das retribucións variables abonada nos seis meses anteriores ao mes en que dese comezo a situación de incapacidade temporal, na liña do establecido no artigo 6 da Lei 9/2017, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, modificado pola lei 4/2021, do 28 xaneiro.

11. Un contrato administrativo de servizos ten unha duración prevista de 4 anos. O prego de cláusulas administrativas particulares non prevé nada en relación coa posibilidade de prórrogas. Ao chegar a eses catro anos, cabería a prórroga do contrato?

- A) Si, simplemente notificándollo ao contratista coa antelación necesaria, pois os contratos de servizos poden chegar a ter unha duración máxima de 5 anos.
- B) Si, sempre que se solicite polo contratista e se tramite e informe favorablemente por razóns do servizo, cunha duración máxima de 1 ano.
- C) Non, a menos que se proceda a unha revisión de oficio dos pregos, xa que estes non prevían a prórroga inicialmente.
- D) Non, agás que excepcionalmente para garantir a continuidade do servizo se prorrogue ata o inicio da execución do novo contrato, e o anuncio de licitación do novo contrato se publicase cunha antelación mínima de 3 meses.

12. María obtivo a condición de persoal estatutario fixo como facultativa especialista no Hospital da Barbanza, nunha convocatoria para postos de difícil cobertura publicada ao abeiro da Lei 2/2022, do 6 de outubro, de medidas extraordinarias dirixidas a impulsar a provisión de postos de difícil cobertura de determinado persoal estatutario. Anteriormente traballara no Hospital público de Verín. Sinale a opción correcta:

- A) María pode participar nos concursos de traslados da súa categoría e/ou especialidade cando cumpra os requisitos comúns e acredite un ano de permanencia na situación de servizo activo no centro elixido e adxudicado como destino no concurso.
- B) No proceso selectivo a María se lle computaron os servizos prestados no hospital público de Verín o dobre da puntuación que se estableceu, con carácter xeral, por cada mes de servizos prestados.
- C) Para adquirir a condición de persoal estatutario fixo nesta convocatoria María tivo que incorporarse de modo efectivo e permanecer en servizo activo, no destino adxudicado, durante un ano.
- D) Ata a convocatoria de acceso á carreira profesional do ano 2027, María poderá solicitar o grao I de carreira profesional cando acredite un período de tres anos de servizo activo no destino adxudicado, con grao inicial da categoría ou especialidade o último día do prazo que a convocatoria anual estableza para a presentación de solicitudes.

13. O Complexo Hospitalario de Vigo está interesado en ter unha lista de curta duración (pool) para a categoría de celador/a. ¿Cómo debe proceder segundo o establecido na Resolución do 13 de xuño de 2016, da Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde pola que se dispón a publicación do pacto subscrito pola Administración sanitaria coas centrais sindicais CIG, CESH-O´MEGA, CCOO, UGT e CSIF, sobre selección de persoal estatutario temporal do Sistema Público de Saúde de Galicia?

- A) Fará a oportuna proposta á Comisión Central de seguimento do pacto, previo o seu tratamento na Comisión Periférica da área respectiva. A Comisión Central resolverá sobre a súa pertinencia e o número de aspirantes que proceda incluír, en atención ás circunstancias concorrentes e ás necesidades reais de vinculación manifestadas por aqueles.
- B) Fará a oportuna proposta á Xunta de Persoal da área respectiva, previo o seu tratamento na Comisión Periférica da área respectiva. A Comisión Central resolverá sobre a súa pertinencia e o número de aspirantes que proceda incluír, en atención ás circunstancias concorrentes e ás necesidades reais de vinculación manifestadas por aqueles.
- C) Fará a oportuna proposta á Comisión Periférica de seguimento do pacto, previo o seu tratamento na Xunta de Persoal da área respectiva. A Comisión Central resolverá sobre a súa pertinencia e o número de aspirantes que proceda incluír, en atención ás circunstancias concorrentes e ás necesidades reais de vinculación manifestadas por aqueles.
- D) Fará a oportuna proposta á Comisión Central de seguimento do pacto, previo o seu tratamento na Xunta de Persoal da área respectiva. A Comisión Central resolverá sobre a súa pertinencia e o número de aspirantes que proceda incluír, en atención ás circunstancias concorrentes e ás necesidades reais de vinculación manifestadas por aqueles.

14. A comprobación de existencia, correcta localización e bo estado dos sinais, balizamentos e planos de evacuación, que define o Regulamento de instalacións de protección contra incendios, no programa de mantemento dos sistemas de sinalización luminiscente, debe realizarse cunha periodicidade de polo menos cada:

- A) 2 anos.
- B) 1 ano.
- C) 3 anos.
- D) 6 meses.

15. Sinale o enunciado correcto respecto aos órganos de participación dos/as profesionais en materia de prevención de riscos laborais no Servizo Galego de Saúde:

- A) A Comisión Central de Seguridade e Saúde elixirá, entre os seus membros, un presidente e un secretario. Os acordos se adoptarán por maioría absoluta, sendo decisorio en caso de empate o voto do presidente.
- B) A Comisión Central de Seguridade e Saúde, de carácter paritario, está integrada por representantes da Administración e polos delegados/as electos/as de prevención, con residencia e actuación nos servizos centrais do Servizo Galego de Saúde. Unha das súas funcións específicas é arbitrar, e no seu caso, resolver, as discrepancias e controversias que se produzan na aplicación da normativa de riscos profesionais.
- C) As organizacións sindicais con representación na mesa sectorial do persoal sanitario poderán designar un representante, por cada unha delas, con atribucións en funcións de seguridade e saúde laboral, en cada ámbito provincial. Estes representantes poderán asistir ás reunións dos Comités de Saúde Laboral con voz pero sen voto.
- D) Os Comités de Seguridade e Saúde de área están facultados para coñecer e, se procede, informar de modo vinculante, a memoria e programación anual das unidades básicas de prevención.

16. Unha directora xeral da Consellería de Mar dicta un acto en relación cunha autorización administrativa en materia de costas. Porén, despois de ditado, os técnicos da Consellería decátanse de que dito acto é contrario a un Regulamento aprobado polo Consellerio de Mar un ano antes. Que posibilidades hai en relación con ese acto?

- A) É nulo de pleno dereito.
- B) Pode ser convalidado polo Conselleiro de Mar, pois é quen ditou o Regulamento infrinxido.
- C) Pode ser convalidado polo Consello da Xunta, pois é o órgano superior xerárquico do Conselleiro.
- D) É un acto válido, pois regula unha materia que non pode ser obxecto de desenvolvemento regulamentario.

17. Cal das seguintes afirmacións relacionada coa responsabilidade patrimonial das administracións é correcta?

- A) O contratista debe responder dos danos ocasionados a terceiros na execución do contrato como responsabilidade patrimonial, cando se produzan como consecuencia dunha orde directa e inmediata da Administración.
- B) A responsabilidade patrimonial non inclúe a posibilidade de reclamar danos por actos legislativos.
- C) A indemnización poderá substituírse por unha compensación en especie.
- D) En caso de responsabilidade patrimonial de varias administracións, estas responderán fronte ao particular, en todo caso, de forma mancomunada.

18. Conforme ao Decreto 163/2010, para o cumprimento dos seus fins ao Observatorio de violencia na contorna laboral das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde correspóndenlle as seguintes funcións:

- A) Recoller datos, homoxéneos e fiables, en materia de violencia sufrida polo persoal do Servizo Galego de Saúde, garantindo a súa actualización.
- B) Diseñar e analizar indicadores a partir dos datos dispoñibles, que permitan valorar a situación do Servizo Galego de Saúde no que incumbe á violencia na súa contorna laboral e detectar áreas de especial risco de violencia, avaliando os resultados e a eficacia das accións levadas a cabo.
- C) Realizar plans de prevención e procedementos en materia de violencia laboral, así como avaliar o nivel de aplicación, desenvolvemento e eficacia dos mesmos.
- D) Formular propostas á Consellería de Sanidade sobre as melloras nos plans e procedementos.

19. As Subdelegacións de Goberno:

- A) Existirán en cada unha das provincias das Comunidades Autónomas pluriprovinciais, con inmediata dependencia do Presidente da Comunidade Autónoma.
- B) Existirá unha en cada Comunidade Autónoma, con dependencia do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.
- C) Existirán en cada unha das provincias das Comunidades Autónomas pluriprovinciais, con inmediata dependencia do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.
- D) Existirán en cada unha das provincias das Comunidades Autónomas pluriprovinciais, con inmediata dependencia do Delegado de Goberno.

20. Cal destas funcións no corresponde á presidencia dun órgano colexiado, de conformidade co artigo 16 da Lei 16/2010, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia?

- A) Desempeñar a representación do órgano.
- B) Dirimir co seu voto os empates.
- C) Acordar a convocatoria das sesións ordinarias e extraordinarias e a fixación da orde do día.
- D) Redactar e autorizar as actas das sesións.

21. Que norma regula actualmente en Galicia a xestión dos residuos sanitarios?

- A) Decreto 38/2015, do 26 de febreiro, de residuos sanitarios de Galicia.
- B) Decreto 460/1997, do 21 de novembro, polo que se establece a normativa para a xestión dos residuos dos establecementos sanitarios na Comunidade Autónoma de Galicia.
- C) Decreto 20/2010, do 28 de novembro, de residuos e solos contaminados.
- D) Lei 11/2013, do 3 de setembro, de residuos de Galicia.

22. Segundo o artigo 29 do Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre indemnizacións por razón de servizo, as cantidades que se perciben, pola asistencia como colaborador non permanente nas actividades a cargo da Escola Galega de Administración Pública, que se impartan de forma ocasional:

- A) Durante un ano natural, en ningún caso serán superiores ao 25% das retribucións anuais que correspondan ao colaborador polo posto de traballo principal.
- B) Estarán suxeitas a unha retención mínima, establecida con anterioridade ao comezo da colaboración, a conta do IRPF sobre o importe bruto percibido.
- C) En ningún caso poderán superar o 30% das retribucións brutas que perciba o colaborador no seu traballo principal en computo anual.
- D) Durante un ano natural, se non supera o 35% das retribucións brutas que perciba o colaborador polo posto de traballo principal, non estarán suxeitas a retención a conta do IRPF.

23. Segundo o establecido na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia en relación coa representación e participación institucional do persoal funcionario:

- A) As xuntas de persoal elixiranse mediante listas pechadas a través dun sistema maioritario e os delegados de persoal mediante listas abertas e sistema proporcional corrixido.
- B) As reclamacións contra as denegacións de inscrición de actas electorais exporanse directamente ante a orde xurisdiccional social.
- C) En cada universidade pública existirá como mínimo unha unidade electoral para o persoal funcionario dos corpos docentes universitarios e outra para o persoal funcionario de administración e servizos.
- D) Os órganos electorais serán as mesas electorais que se constitúan para a dirección e desenvolvemento do procedemento electoral, así como para o cómputo e certificación de resultados.

24. Segundo a normativa sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas en Galicia, cal das seguintes situacións é compatible co desempeño dun posto público?

- A) O exercicio dunha actividade profesional privada relacionada directamente co posto público, sempre que se realice fose do horario laboral.
- B) A participación en actividades formativas ou conferencias en institucións privadas, sempre que non se perciba remuneración por iso.
- C) A aceptación dun cargo directivo nunha empresa privada que traballe para a administración pública, sen necesidade de notificalo.
- D) O desempeño dun segundo emprego público noutra administración pública, sempre que non coincidan en horarios e trátase dun posto de confianza.

25. Segundo se recolle no Decreto 105/2017, do 28 de setembro, polo que se regula o sistema de garantía de tempos máximos de acceso ás prestacións sanitarias públicas e de conformidade co previsto no artigo 5 da Lei 12/2013, do 9 de decembro, e no Real decreto 1039/2011, do 15 de xullo, os/as pacientes rexistrados no Rexistro de Pacientes en Espera de Galicia teñen dereito a que se respecten os seguintes prazos máximos para a prestación da asistencia sanitaria:

- A) Intervencións cirúrxicas: 75 días naturais para as intervencións cirúrxicas programadas e non urxentes correspondentes aos diagnósticos recolleitos no anexo I dos/as pacientes incluídos/as no Rexistro de Pacientes en Espera de Galicia.
- B) Consultas externas: 40 días naturais para primeiras consultas externas programadas e non urxentes recollidas no anexo II, por un problema de saúde novo e que non teñan a consideración de revisión.
- C) Probas diagnósticas e/ou terapéuticas: 40 días naturais para primeiras probas diagnósticas e/ou terapéuticas programadas e non urxentes recollidas no anexo III, por un problema de saúde novo e que non teñan a consideración de revisión.
- D) Consultas externas, probas diagnósticas e/ou terapéuticas: 45 días naturais para primeiras consultas externas programadas e non urxentes recollidas no anexo II, por un problema de saúde novo e que non teñan a consideración de revisión, para primeiras probas diagnósticas e/ou terapéuticas programadas e non urxentes recollidas no anexo III, por un problema de saúde novo e que non teñan a consideración de revisión.

26. Segundo o artigo 104 da Lei 29/1998 da Xurisdicción contencioso administrativa, cal é o prazo do que dispón a Administración condenada para executar unha sentenza condenatoria antes de que o interesado poida instar a execución forzosa?

- A) Dous meses, ou o prazo fixado na propia sentenza para o cumprimento da parte dispositiva.
- B) Tres meses, ou o prazo fixado na propia sentenza para o cumprimento da parte dispositiva.
- C) Seis meses, ou o prazo fixado na propia sentenza para o cumprimento da parte dispositiva.
- D) Seis meses, ou o prazo fixado na propia sentenza para o cumprimento da parte dispositiva descontando a duración das medidas cautelares adoptadas.

27. No marco da economía galega, cun PIB cifrado en 80.800 millóns de euros no ano 2024, cal das seguintes porcentaxes se aproxima máis, sobre ese PIB, ao gasto sanitario público que figura na lei de orzamentos da comunidade autónoma de Galicia para 2025?

- A) Un 5,5%
- B) Un 7%
- C) Un 4%
- D) Un 6,5%

28. Na execución do orzamento de gasto dun Área Sanitaria de Galicia, a día 11 de outubro, qué documentos contables expedirá a oficina correspondente, para iniciar un expediente de contratación dun servizo de probas analíticas de carácter plurianual, e no que un dos seus lotes vai demorar o seu inicio ata o mes de Febreiro do exercicio seguinte ao comezo do contrato?

- A) Un documento A de anticipado de gasto polo lote que comeza no exercicio seguinte e un A de exercicio corrente e un A de exercicio futuro para os outros lotes polos importes que correspondan a cada exercicio.
- B) Un RC de anticipado de gasto polo lote que comeza no exercicio seguinte e un RC de exercicio corrente e un RC de exercicio futuro para os outros lotes polos importes que correspondan a cada exercicio.
- C) Un RC de exercicio corrente e un RC de exercicio futuro para todos os lotes polos importes que correspondan a cada exercicio.
- D) Un A de corrente e un A de anticipado de gasto para todos os lotes polos importes que correspondan a cada exercicio.

29. A Lei 41/2002, do 14 de novembro, reguladora básica da autonomía do paciente e dos dereitos e obrigas en materia de información e documentación clínica, establece nun único artigo e capítulo que toda persoa ten dereito a que se respecte o carácter confidencial dos datos relativos á súa saúde. En cal deles?

- A) Artigo 7 do CAPITULO III.
- B) Artigo 1 do CAPITULO I.
- C) Artigo 7 do CAPITULO I.
- D) Artigo 5 do CAPITULO II.

30. Segundo o establecido no Capítulo XII da Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde:

- A) Procederá a declaración da suspensión provisional, sen dereito á percepción de retribucións, con motivo da tramitación dun procedemento xudicial e durante o tempo que se estenda a prisión provisional ou outras medidas decretadas polo xuíz, sempre que determinen a imposibilidade de desempeñar as funcións derivadas do nomeamento durante cinco días consecutivos.
- B) Como medida cautelar, e durante a tramitación dun expediente disciplinario por falta grave ou moi grave ou dun expediente xudicial, poderá acordarse mediante resolución motivada a suspensión provisional de funcións do interesado. Cando a suspensión provisional se produza como consecuencia de expediente disciplinario, non poderá exceder de seis meses, salvo paralización do procedemento imputable ao interesado.
- C) As faltas moi graves prescribirán aos catro anos, as graves aos dous anos e as leves aos seis meses. O prazo de prescrición comezará a contarse desde que a falta se cometeu e interromperase desde a notificación do acordo de iniciación do procedemento disciplinario, volvendo correr de novo se este estivese paralizado máis de tres meses por causa imputable ao interesado.
- D) O prazo de prescrición das sancións comezará a contarse desde a firmeza da resolución sancionadora ou desde que se quebrante o cumprimento da sanción cando a súa execución xa comezase. Interromperase cando se inicie, con coñecemento do interesado, o procedemento de execución da sanción imposta e volverá correr de novo se o procedemento se paraliza durante máis de seis meses por causa imputable ao interesado.

31. De conformidade co establecido no Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde:

- A) O Servizo Galego de Saúde establecerá os procedementos, criterios e mecanismos de control para a execución da mobilidade por razón de saúde. A localización do persoal por estes motivos realizarase logo do informe vinculante do Servizo de Prevención de Riscos Laborais, que deberá valorar a idoneidade do novo destino.
- B) Cando a adaptación das condicións ou do tempo de traballo non resultase posible, ou, a pesar de tal adaptación, as condicións do seu posto de traballo puidesen influír negativamente na saúde da traballadora embarazada ou do feto, ou da muller ou do fillo en período de lactación, a traballadora deberá ser adscrita a un posto de traballo distinto do seu destino.
- C) Para resolver as solicitudes de mobilidade por razón de saúde do cónxuxe ou fillo ou persoa maior ao seu cargo constituirase unha comisión en cada centro na cal participará un representante designado pola comisión de centro ou xunta de área e tres representantes da dirección do centro.
- D) Entenderase que solicita a excedencia voluntaria por interese particular como persoal estatutario, e será declarado nesa situación polo órgano convocante do concurso, quen non se incorpore no prazo establecido ao destino obtido no concurso de traslados. Non obstante, se existen causas suficientemente xustificadas, así apreciadas, logo de audiencia do interesado, pola Dirección de Recursos Humanos da Área sanitaria do novo destino, poderá deixarse sen efecto a dita situación. En tal caso o interesado deberá incorporarse ao seu novo destino tan pronto desaparezan as causas que no seu momento o impediron.

32. Cal dos seguintes é un requisito necesario para poder ceder un contrato, segundo o artigo 214 da Lei de Contratos do Sector Público?

- A) Que o cedente teña executado polo menos un 25% do importe do contrato.
- B) Que a cesión se formalice, entre cedente e cesionario, en documento mercantil.
- C) Que os pregos non o prohiban expresamente.
- D) Que o cesionario estea debidamente clasificado, se tal requisito foi esixido ao cedente no seu momento.

33. Que norma se promulgou no Estado Español para a adaptación da súa lexislación á disposición europea (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativa á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos seus datos persoais e á libre circulación destes datos:

- A) Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
- B) Real Decreto–Lei 3/2017, do 6 de decembro, de protección de datos persoais e dixitais.
- C) Lei 4/2018, do 23 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e dereitos dixitais.
- D) Lei 2/2018, do 26 de outubro, de protección de datos de carácter persoal e dos dereitos dixitais.

34. Segundo o establecido no Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, e a Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025, que modificación orzamentaria debería tramitar un Área Sanitaria se quere iniciar un expediente de contratación, para a adquisición de agullas de insulina (material sanitario no inventariable), destinadas ao consumo nos Centros de Saúde de Atención Primaria (Programa funcional de Atención Primaria) por importe de 55.000,00 euros para o exercicio corrente, sabendo que, no epígrafe 221.16 ten un saldo de crédito dispoñible de 25.000,00 euros e no total do capítulo II do orzamento de gasto ten un crédito dispoñible de 150.000,00 euros, dos cales 80.000,00 euros corresponden por vinculación aos créditos do artigo 22, e 30.000,00 euros figuran no epígrafe 226.06:

- A) Solicitar unha transferencia de crédito ao epígrafe 221.16 desde algún epígrafe do artigo 22, con saldo dispoñible suficiente, por importe de 30.000,00 euros.
- B) Non é necesario facer ningunha modificación de crédito porque, segundo a normativa aplicable neste exercicio 2025, os epígrafes 221.16 e 226.06 para o programa funcional indicado son vinculantes e co saldo de crédito dispoñible de ambos é suficiente para iniciar o expediente.
- C) Non é necesario facer ningunha modificación de crédito porque os epígrafes do artigo 22 no programa funcional indicado son vinculantes segundo a normativa aplicable en 2025 e existe crédito dispoñible suficiente para iniciar o expediente da compra de material sanitario.
- D) Solicitar unha transferencia de crédito (redistribución) por importe de 30.000,00 euros desde o programa funcional de atención especializada ao programa funcional de atención primaria dentro da mesma Área Sanitaria, e entre os mesmos epígrafes 221.16.

35. A libre circulación de capitais regulada nos artigos 63 e seguintes do Tratado de Funcionamento da Unión europea:

- A) Prohibe todas as restricións aos movementos de capitais só entre Estados membros.
- B) Prohibe aos Estados membros aplicar medidas para impedir infraccións ao seu Dereito e normativas nacionais, en particular en materia fiscal.
- C) Prohibe todas as restricións aos movementos de capitais entre Estados membros e entre Estados membros e terceiros países.
- D) Prohibe que o Consello poida adoptar medidas contra terceiros países cando os movementos de capitais cos mesmos poidan ameazar con causar dificultades graves ao funcionamento da Unión.

36. Para o cálculo do nivel obxectivo de stock nun sistema de revisión periódica, utilizado na xestión dun almacén hospitalario, temos que un produto ten un prazo de entrega de dúas semanas, e consómense 250 unidades por semana. Se o prazo de revisión de stock é de dúas semanas e o stock de seguridade é de 350 unidades, cal sería o nivel obxectivo de stock?

- A) 1100
- B) 350
- C) 1350
- D) 850

37. Dentro da clasificación económica do orzamento de gasto dun Área Sanitaria de Galicia, en que epígrafe ten que imputarse o gasto pola subministración de produtos de dietética?

- A) 221.04
- B) 221.05
- C) 221.06
- D) 221.12

38. Que recurso administrativo cabe contra un acto ditado pola Directora Xeral de Recursos humanos da Consellería de Sanidade en materia de persoal que aínda non é firme?

- A) Recurso potestativo de reposición.
- B) Ningún, só cabería acudir á xurisdicción contencioso-administrativa.
- C) Recurso de alzada ante o Conselleiro de Sanidade.
- D) Recurso extraordinario de revisión.

39. No caso de que unha das ofertas sexa anormalmente baixa e non se xustifique adecuadamente polo licitador, a quen lle corresponde excluílo do procedemento segundo o artigo 149 da Lei de contratos del sector público?

- A) Á mesa de contratación, se hai maioría suficiente dos seus membros.
- B) Ao órgano de contratación, a proposta da mesa de contratación.
- C) Ao órgano que redactou os pregos, en que se fixaron os criterios para determinar a anormalidade.
- D) Ao órgano responsable da fiscalización económica da contratación na Administración Pública ou entidade instrumental de que se trate.

40. Na actualidade, o financiamento das Comunidades Autónomas de réxime común réxese pola Lei 22/2009 do 18 de decembro, que regula o sistema de financiamento das Comunidades Autónomas de réxime común e Cidades con Estatuto de Autonomía. O novo sistema de financiamento fornece efectos, con carácter xeral, desde o 1 xaneiro de 2009. Un dos eixos básicos do novo sistema é o incremento da equidade do conxunto das competencias autonómicas. En que elemento/s do sistema regulado na lei concrétese este principio?:

- A) No Fondo de Garantía de Servizos Públicos Fundamentais.
- B) No Fondo de Suficiencia Global.
- C) Nos Fondos de Convergencia.
- D) As respostas a e c son correctas.

41. Na Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia no seu Capítulo II, artigo 6 recóllense os seguintes dereitos sanitarios relacionados coa integridade e intimidade da persoa :

A) Dereito a non ser gravada mediante fotografías, vídeos ou outros medios que permitan a súa identificación como destinatarios de servizos sanitarios, agás que a persoa afectada, unha vez que lle sexan explicados claramente os motivos da súa realización e o ámbito de difusión, preste consentimento expreso para iso.

B) Dereito a non ser gravada mediante fotografías, vídeos ou outros medios que permitan a súa identificación como destinatarios de servizos sanitarios, agás que a persoa afectada, unha vez que lle sexan explicados claramente os motivos da súa realización e o ámbito de difusión, preste permiso expreso para iso.

C) Dereito a non ser gravada mediante fotografías, vídeos ou outros medios que permitan a súa identificación como destinatarios de servizos sanitarios, agás que a persoa afectada, unha vez que lle sexan explicados claramente os motivos da súa realización e o ámbito de difusión, preste autorización expresa para iso.

D) Dereito a non ser gravada mediante fotografías, vídeos ou outros medios que permitan a súa identificación como destinatarios de servizos sanitarios, agás que a persoa afectada, unha vez que lle sexan explicados claramente os motivos da súa realización e o ámbito de difusión, preste aprobación expresa para iso.

42. Na análise de custos, se se desexa estimar a relación entre o custo total e varias variables independentes (como o volume de produción, os custos de materiais e a man de obra), que tipo de modelo estatístico é o máis adecuado para estimar esta relación?

A) Análise de Varianza (ANOVA).

B) Regresión lineal múltiple.

C) Distribución normal.

D) Proba de t de Student.

43. De acordo con a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, a administración sanitaria NON promoverá, impulsará e desenvolverá:

A) Os mecanismos de cooperación, colaboración e articulación de redes tendentes a favorecer que o sector sanitario convértase nun dos motores de desenvolvemento económico de Galicia en termos de actividade produtiva, de xeración de emprego de calidade, de incremento da produtividade e de achega ao produto interior bruto de Galicia.

B) A valorización, a protección e a transferencia do amplo coñecemento xerado polo seu persoal e/o nos seus centros co obxecto de que os resultados da investigación sexan transferidos á sociedade, así como un modelo de innovación aberta orientado a impulsar a creatividade, a cooperación e a aplicación no sistema sanitario dos cambios que acheguen valor a pacientes e profesionais.

C) A investigación biosanitaria, especialmente na súa vertente traslacional, como un instrumento para a mellora da saúde da poboación tendo en conta as prioridades marcadas polos plans de investigación e innovación vixentes en cada momento.

D) Medidas para fomentar o investimento público e privado en actividades de investigación e innovación sanitaria e/o biosanitaria, de acordo con o previsto no artigo 35 da Lei 5/2013, do 30 de maio, de fomento da investigación e da innovación de Galicia, así como estimulará a sensibilidade pola investigación en saúde pública entre os sectores económicos, académicos e sociais.

44. Cal das seguintes funcións non corresponde ao Consello de Dirección da Área Sanitaria, segundo o Decreto 134/2019, polo que se regulan as áreas sanitarias de Galicia?

- A) Aprobar os plans de investigación, docencia e innovación no ámbito da respectiva área sanitaria.
- B) Coñecer o proxecto do plan de inversións da área sanitaria.
- C) Promover a integración entre niveis asistenciais e a continuidade necesaria para as persoas enfermas da área.
- D) Aprobar a memoria anual da área sanitaria.

45. O Servizo Galego de Saúde ten aprobado orzamento para o exercicio 2025 nos capítulos 1,2, e 4. Ademais recibiu unha doazón dun particular, de 50.000,00 euros, o 30 de decembro de 2024 que non estaba prevista. O 15 de xaneiro de 2025 o Servizo Galego de Saúde recibe unha reclamación previa de Construcións Pepita, SL, na que se solicitan xuros de mora polo pago tardío dunha factura de agosto de 2023. A directora xeral de Recursos Económicos, mediante resolución notificada o 10 de marzo 2025, estima parcialmente a reclamación parcial de Construcións Pepita, SL recoñecendo xuros de mora por un importe de 1.000,00 euros. A administración ten que realizar para executar dita resolución:

- A) Unha redistribución de créditos.
- B) Unha modificación de créditos.
- C) Unha incorporación de créditos.
- D) Dotar un crédito extraordinario.

46. A modificación dos contratos, segundo o previsto nos artigos 203 e seguintes da Lei de contratos do sector público:

- A) Só é posible se aparece recollido expresamente nos pregos.
- B) Require sempre o consentimento do contratista.
- C) Pode supoñer un incremento das prestacións, pero nunca unha minoración.
- D) Nunca pode alterar a natureza global do contrato inicial.

47. Cal das seguintes afirmacións NON é correcta, en relación coas rotacións externas reguladas no Decreto 48/2023, do 20 de abril, polo que se regula o sistema de formación sanitaria especializada na Comunidade Autónoma de Galicia:

- A) Que sexan propostas pola persoa titora á Comisión de Docencia.
- B) Que contén coa conformidade expresa da Comisión de Docencia de destino.
- C) Que se realicen preferentemente en centros docentes acreditados para a docencia ou en centros nacionais ou estranxeiros de recoñecido prestixio.
- D) Que contén co visto e prace da Xerencia da área sanitaria ou da unidade ou centro sanitario docente de destino.

48. Que norma NON desenvolve o dereito á protección da saúde no estado español na actualidade?

- A) A Constitución Española de 1978 no seu artigo 43.
- B) A Lei 14/1986, do 25 de abril, Xeneral de Sanidade.
- C) O Decreto Lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social.
- D) O Estatuto de Autonomía das Comunidades Autónomas.

49. Para a obtención de cada grao da carreira profesional, do persoal de xestión e servizos, segundo recóllese na Orde do 20 de xullo de 2018 pola que se publica o Acordo sobre as bases da carreira profesional no ámbito do Servizo Galego de Saúde e entidades adscritas á Consellería de Sanidade e ao devandito organismo, deberá alcanzarse un número de puntos para cada área de avaliación:

A) GRAO I: I. Desempeño profesional: 60 puntos , II. Competencia profesional: 20 puntos III. Formación continuada, docencia, investigación e innovación: 15 puntos, IV. Implicación e compromiso coa organización: 5 puntos.

B) GRAO II: I. Desempeño profesional: 55 puntos , II. Competencia profesional: 20 puntos III. Formación continuada, docencia, investigación e innovación: 20 puntos, IV. Implicación e compromiso coa organización: 5 puntos.

C) GRAO III: I. Desempeño profesional: 50 puntos; II. Competencia profesional: 15 puntos III. Formación continuada, docencia, investigación e innovación: 25 puntos, IV. Implicación e compromiso coa organización: 10 puntos.

D) GRAO IV: I. Desempeño profesional: 50 puntos , II. Competencia profesional: 15 puntos III. Formación continuada, docencia, investigación e innovación: 25 puntos, IV. Implicación e compromiso coa organización: 10 puntos.

50. A un traballador, que percibe unha pensión por incapacidade permanente, ofértanlle un posto de traballo noutra empresa. No caso de que se incorporara a ese posto, poderá seguir cobrando a súa pensión de incapacidade permanente?

A) Non poderá seguir cobrando a pensión, se a incapacidade permanente recoñecida é absoluta.

B) Só cobraría se a incapacidade permanente é parcial e as funcións a desenvolver fosen as mesmas que no anterior traballo.

C) Non poderá cobrar a pesión ó ser incompatible traballar e percibir unha pensión por incapacidade permanente.

D) Poderá cobrar a pensión, se esta é por incapacidade permanente total, e sempre e cando, as funcións do posto ofertado non coincida coas que deron lugar á incapacidade.

51. Sinale a resposta correcta segundo o establecido na Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde:

A) O persoal en situación de servizos baixo outro réxime xurídico terá dereito ao cómputo de tempo a efectos de antigüidade. Durante os dous primeiros anos ostentará o dereito para a reincorporación ao servizo activo na mesma categoría e área de saúde de orixe ou, se iso non fose posible, en áreas limítrofes con aquela.

B) Os criterios xerais do sistema de desenvolvemento profesional recollidos na Lei de Ordenación das Profesiões Sanitarias acomodaranse e adaptarán ás condicións e características organizativas, sanitarias e asistenciais do servizo de saúde ou de cada un dos seus centros, sen detrimento de os dereitos xa establecidos. A súa repercusión na carreira profesional negociarase nas mesas correspondentes.

C) O persoal estatutario dos servizos de saúde está obrigado a prestar colaboración profesional cando así sexa requirido polas autoridades como consecuencia da adopción de medidas especiais por razóns de emerxencia ou necesidade.

D) O persoal que se atope na situación administrativa de servizos de xestión clínica terá dereito ao cómputo do tempo a efectos de antigüidade e carreira, así como á reserva da súa praza de orixe.

52. O Consello da Xunta remitirá o plan estratéxico de igualdade de oportunidades, no que se incluírán as medidas necesarias para conseguir o obxectivo da igualdade efectiva de mulleres e homes e da erradicación da violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia, ao Parlamento Galego:

- A) Polo menos cada dous anos.
- B) Non se remite ao Parlamento, só ten que publicalo no portal de transparencia.
- C) Para a súa aprobación nel.
- D) Ningunha das anteriores é correcta.

53. Para corrixir o valor do inmovilizado material dos bens do Servizo Galego de Saúde deducíranse as amortizacións en:

- A) Todos os bens do inmovilizado material en calquera caso.
- B) Todos os bens do inmovilizado material menos os recibidos en cesión.
- C) Todos os bens do inmovilizado material menos os recibidos en adscrición.
- D) Todos os bens do inmovilizado material menos os adquiridos a título gratuito.

54. Segundo se recolle no artigo 4, do Decreto 52/2015, do 5 de marzo, polo que se regula o transporte sanitario e de conformidade co previsto no artigo 2 do Real decreto 836/2012, do 25 de maio, polo que se establecen as características técnicas, o equipamentos sanitario e a dotación de persoal dos vehículos de transporte sanitario por estrada. O transporte sanitario por estrada poderase realizar polas seguintes categorías de vehículos:

- A) Ambulancias de transporte especial, transportan pacientes con necesidades específicas, como incubadoras ou soporte para persoas con mobilidade reducida, de clase D.
- B) Ambulancias asistenciais, acondicionadas para permitir asistencia técnico-sanitaria en ruta; de clase B, ou de soporte vital básico (SVB) e atención sanitaria inicial e de clase C, ou de soporte vital avanzado (SVA).
- C) Ambulancias non asistenciais, que non están acondicionadas para a asistencia sanitaria en ruta; de clase A1, ou convencionais, destinadas ao transporte de pacientes en padiola; de clase A2, ou de transporte especial, destinadas ao transporte de pacientes con necesidades especiais, e de clase A3, ou de transporte colectivo, acondicionadas para o transporte conxunto de persoas enfermas cuxo traslado non revista carácter de urxencia, nin padezan enfermidades infecto-contaxiosas.
- D) As respostas b e c son correctas.

55. A prestación económica por risco durante a lactación natural recoñecerase á muller traballadora, nos termos e condicións previstos na normativa aplicable da seguridade social para estes casos e....

- A) extinguírase no momento en que o fillo ou filla cumpra nove meses.
- B) extinguírase no momento no que o fillo ou filla cumpra 16 semanas.
- C) deberá coincidir co período de descanso por maternidade.
- D) extinguírase aos 6 meses do nacemento do fillo ou filla.

56. Segundo a orde do 7 de abril de 1993 pola que se regula o Conxunto Mínimo Básico de Datos de alta hospitalaria na Comunidade Autónoma de Galicia, no informe clínico de alta hospitalaria deberán constar, como mínimo, os seguintes datos:

- A) Número de identificación fiscal do facultativo responsable do alta.
- B) Peso do paciente.
- C) Nome, apelidos e rúbrica do facultativo responsable do alta.
- D) Numero de identificación fiscal do paciente.

57. Segundo o artigo 30 da lei 40/2015, se as leis non fixan prazo de prescrición das infraccións, as infraccións leves prescribirán:

- A) Aos seis meses.
- B) Ao ano.
- C) Aos dous anos.
- D) Aos cinco anos.

58. Cal das seguintes sentenzas non sería susceptible de recurso ordinario de apelación?

- A) Unha que resolva un procedemento para a protección de dereitos fundamentais da persoa.
- B) Unha que resolva un litixio entre Administracións Públicas.
- C) Unha que declare a inadmisibilidade do recurso relacionado cunha sanción de 15.000,00 euros.
- D) Unha que resolva a impugnación indirecta dunha disposición regulamentaria.

59. Sinale a resposta correcta sobre o Rexistro galego de instrucións previas sobre coidados e tratamento da saúde:

- A) A súa organización e funcionamento establécese no Decreto 159/2015 do 11 de decembro.
- B) O rexistro queda adscrito á Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde.
- C) O prazo máximo para ditar e notificar a resolución da solicitude de inscrición no Rexistro galego de instrucións previas será de 3 meses, contado desde a entrada da solicitude no Rexistro galego de instrucións previas ou nas unidades habilitadas
- D) A ausencia de inscrición dun documento de instrucións previas validamente outorgado non impedirá a súa aplicabilidade no ámbito sanitario.

60. O título habilitante de concesión dos previstos na Lei 6/2023 de patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia para o uso privativo dun ben de dominio público:

- A) É obrigatorio cando a ocupación se efectuase con instalacións desmontables ou bens mobles.
- B) O documento administrativo que as recolle pode inscribirse directamente no Rexistro da Propiedade.
- C) É obrigatorio cando a ocupación se realice habilitada por un contrato regulado na lexislación de contratos do sector público, como medio instrumental necesario para realizar unha actividade concreta.
- D) O seu prazo máximo de duración é de 70 anos.

61. A estratexia galega de seguridade e calidade asistencial 2024–2028 resume as dimensións da calidade asistencial nos seguintes aspectos:

- A) Atención centrada no paciente, eficacia, eficiencia, efectividade, accesibilidade, dispoñibilidade, equidade, aceptabilidade, seguridade, puntualidade, continuidade, satisfacción, transparencia, calidade percibida.
- B) Atención centrada no paciente, atención baseada en probas e coñecementos: calidade científico-técnica, eficacia, eficiencia, efectividade, accesibilidade, dispoñibilidade, equidade, aceptabilidade, seguridade, puntualidade, continuidade, satisfacción, transparencia, calidade percibida.
- C) Atención centrada no paciente, participación do paciente, atención baseada en probas e coñecementos: calidade científico-técnica, eficacia, eficiencia, efectividade, accesibilidade, dispoñibilidade, equidade, aceptabilidade, seguridade, puntualidade, continuidade, satisfacción, transparencia, calidade percibida.
- D) Atención centrada no paciente, atención baseada en probas e coñecementos: calidade científico-técnica, eficacia, eficiencia, efectividade, accesibilidade, dispoñibilidade, equidade, aceptabilidade, seguridade, transparencia, calidade percibida.

62. En caso de que un profesional sanitario do SERGAS cometese unha falta disciplinaria que estivese recollida como tal na Lei de emprego público de Galicia e no Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, que réxime xurídico sería aplicable?

- A) O Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde.
- B) A Lei de emprego público de Galicia.
- C) A norma que conteña o tipo que mellor recolla a conduta propia da falta cometida.
- D) A norma que resulte máis favorable ao infractor.

63. O Servizo Galego de Saúde ten a obriga de reclamar aos terceiros obrigados ao pago o importe das atencións ou prestacións sanitarias facilitadas directamente ás persoas, incluído o transporte sanitario, a atención de urxencia, a atención especializada, a atención primaria, a prestación farmacéutica, a prestación ortoprotésica, as prestacións con produtos dietéticos e a rehabilitación, en determinados supostos, sinala a situación das aquí enumeradas na que NON corresponde dita reclamación:

- A) María, profesora de filosofía, tivo que ser atendida en urxencias debido ao golpe que sufriu ao ser atropelada por un patinete eléctrico mentres camiñaba pola beirarrúa.
- B) Juan, actor, foi trasladado ao Hospital Álvaro Cunqueiro por unha ambulancia ao darse un forte golpe despois de escorregar diante dunha zona húmida da peixaría dun supermercado.
- C) Carmen, química, leva traballando anos nunha fábrica de herbicidas e fungicidas. Acaban de detectarlle no Centro Hospitalario Universitario de Santiago unha enfermidade pulmonar.
- D) Pepe, mutualista, traballa para o Ministerio do Interior na comisaria de Santiago de Compostela, está dado de alta no sistema público de saúde, acaba de cortarse un dedo e achegouse ao PAC de Noia para que lle atendan.

64. Os regulamentos aprobados pola Administración da Comunidade Autónoma de Galicia:

- A) Adoptarán forma de Decreto se son aprobados pola persoa titular da Consellería correspondente.
- B) Adoptarán forma de Decreto se son aprobados polo Consello da Xunta de Galicia.
- C) Adoptarán forma de Orde se son aprobados polo Consello da Xunta de Galicia.
- D) Adoptarán forma de Orde ou Decreto en función de se se tramitan ordinariamente ou polo procedemento de urxencia .

65. Sinala a resposta correcta segundo o establecido na Orde do 24 de maio de 2006 pola que se establecen as bases do procedemento para a provisión dos postos de xefatura e coordinación das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde:

- A) Os postos de coordinador/a de unidades ou servizos do nivel de atención primaria con dedicación exclusiva ás funcións de coordinación, serán provistos por un procedemento consistente nun concurso de méritos e na defensa pública dun proxecto ou entrevista relacionados coa xestión da unidade. Os aspirantes deberán estar adscritos á devandita unidade ou servizo.
- B) Na provisión de postos de xefatura de persoal licenciado sanitario que requiran dedicación exclusiva, a comisión de avaliación poderá propoñer que se declare deserta a convocatoria no caso de que ningún dos aspirantes alcance máis de 15 puntos na avaliación do proxecto técnico de xestión da unidade.
- C) Na provisión de postos de xefatura de persoal sanitario diplomado ou técnico as convocatorias poderán prever a valoración dun compromiso de dedicación exclusiva á institución sanitaria, durante o período de desempeño da xefatura, cunha puntuación adicional de 50 puntos.
- D) A comisión técnica especializada para a provisión de postos de xefatura e coordinación de licenciado sanitario no nivel de atención primaria estará composta por 5 membros, tres deles serán licenciados sanitarios e dous terán a condición de persoal estatutario sanitario con destino na área sanitaria respectiva.

66. Supoña que se quere elixir entre dous proxectos de inversión (A e B) excluíntes entre se, aplicando, alternativamente, os criterios do Valor Actual Neto (VAN) e a taxa de rendemento interno (TIR). Sinala cal das seguintes afirmacións se cumpre sempre:

- A) Se VAN (A) maior que VAN (B), A tamén será preferida a B empregando o criterio TIR.
- B) Se TIR (A) maior que TIR (B), A tamén será preferida a B empregando o criterio VAN.
- C) Se TIR (A-B) maior que custo dos recursos financeiros da empresa, entón o investimento A é preferido ao investimento B.
- D) Se TIR (A-B) menor que custo dos recursos financeiros da empresa, entón o investimento A é preferido ao investimento B.

67. Realizando unha análise patrimonial dunha empresa obsérvase que todo o activo corrente , xunto con parte do activo non corrente están financiados polo pasivo corrente. Como resultado, o fondo de manobra é negativo. Ademais, as débedas con provedores e acredores son maiores que a suma dos saldos das contas de debedores, clientes e tesourería da empresa. En que situación se atopa a empresa?

- A) Posición de máxima estabilidade financeira ou equilibrio total.
- B) Posición de estabilidade financeira ou normal.
- C) Desequilibrio total ou quebra técnica.
- D) Desequilibrio financeiro a curto prazo.

68. Segundo o establecido no Real Decreto Legislativo 8/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social:

- A) O Goberno, a proposta das as organizacións sindicais máis representativas ou o colexio oficial competente, poderá, a instancia dos interesados, excluír do campo de aplicación do réxime da Seguridade Social correspondente, ás persoas cuxo traballo por conta allea, en atención á súa xornada ou á súa retribución, poida considerarse marxinal e non constitutivo de medio fundamental de vida.
- B) En todo caso, non serán de aplicación ás cooperativas de traballo asociado, nin ás cooperativas de explotación comunitaria da terra nin aos socios traballadores que as integran, as normas sobre cotización e prestacións do Fondo de Garantía Salarial.
- C) Consideraranse réximes especiais os que encadren a traballadores por conta propia ou autónomos, traballadores do mar, funcionarios públicos, civís e militares, estudantes e os demais grupos que determine o Goberno, a proposta do Ministerio de Emprego e Seguridade Social, por considerar necesario o establecemento para eles dun réxime especial.
- D) Os sistemas de previsión obrigatoria distintos dos regulados nesta lei, que puidesen ter constituídos determinados grupos profesionais, integranse, en todo caso, no Réxime Xeral ou nos réximes especiais, segundo proceda.

69. O artigo 3 do Estatuto dos Traballadores lista as fontes do ordenamento laboral e os criterios de ordenación, cal é fonte das obrigas, pero non é unha norma xurídica?:

- A) As disposicións legais e regulamentarias do Estado.
- B) Os convenios colectivos.
- C) A vontade das partes, manifestada no contrato de traballo.
- D) Os usos e costumes locais e profesionais.

70. A estratexia galega de seguridade e calidade asistencial 2024–2028 resume as dimensións da calidade asistencial nos seguintes aspectos:

A) Atención centrada no paciente, eficacia, eficiencia, efectividade, accesibilidade, dispoñibilidade, equidade, aceptabilidade, seguridade, puntualidade, continuidade, satisfacción, transparencia, calidade percibida.

B) Atención centrada no paciente, atención baseada en probas e coñecementos: calidade científico-técnica, eficacia, eficiencia, efectividade, accesibilidade, dispoñibilidade, equidade, aceptabilidade, seguridade, puntualidade, continuidade, satisfacción, transparencia, calidade percibida.

C) Atención centrada no paciente, participación do paciente, atención baseada en probas e coñecementos: calidade científico-técnica, eficacia, eficiencia, efectividade, accesibilidade, dispoñibilidade, equidade, aceptabilidade, seguridade, puntualidade, continuidade, satisfacción, transparencia, calidade percibida.

D) Atención centrada no paciente, atención baseada en probas e coñecementos: calidade científico-técnica, eficacia, eficiencia, efectividade, accesibilidade, dispoñibilidade, equidade, aceptabilidade, seguridade, transparencia, calidade percibida.

71. Cal é a moda da seguinte serie obtida dos datos das citas preoperatorias tramitadas nunha semana para un servizo de cardioloxía: 4, 5, 6, 2, 3, 7, 2.

A) 4

B) 2

C) 4,14

D) Non se pode calcular a moda nunha mostra tan pequena.

72. Cal é o importe de garantía definitiva que se debe constituír con carácter xeral polo contratista segundo o artigo 107 da Lei de 9/2017 de contratos do sector público?

A) Un 5% do prezo final ofertado polo contratista, excluído o Imposto sobre o Valor Engadido.

B) Un 5% do valor estimado do contrato, excluído o Imposto sobre o Valor Engadido.

C) Un 5% do orzamento base de licitación, excluído o Imposto sobre o Valor Engadido.

D) Un 5% do orzamento base de licitación, incluído o Imposto sobre o Valor Engadido.

73. Sinala a opción correcta segundo o establecido no Capítulo III da Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde:

A) A Comisión de Recursos Humanos do Sistema Nacional de Saúde acordará os requisitos e procedementos para posibilitar o tratamento conxunto e a utilización recíproca da información contida nos rexistros de persoal dos servizos de saúde, que se integrarán no Sistema de Información Sanitaria do Sistema Nacional de Saúde.

B) Como instrumento básico para a planificación dos recursos humanos, os servizos de saúde establecerán rexistros de persoal nos que se inscribirá a quen preste servizos nos respectivos centros e institucións sanitarios, nos termos en que en cada servizo de saúde se determine.

C) Os plans de ordenación de recursos humanos aprobaranse e publicaranse ou, no seu caso, notificaranse, na forma en que en que a Comisión de Recursos Humanos do Sistema Nacional de Saúde determine.

D) O Foro Marco para o Diálogo Social, no que estarán representadas todas as organizacións sindicais do sector sanitario, depende da Comisión de Recursos Humanos do Sistema Nacional de Saúde, á que prestará apoio e asesoramento en todas as funcións de coordinación das políticas de recursos humanos que nesta lei encárganse á citada comisión.

74. Un Regulamento da Unión europea é unha fonte do dereito comunitario:

- A) De dereito orixinario, de alcance xeral e de obrigado e directo cumprimento.
- B) De dereito derivado, de alcance xeral e que require unha transposición por parte dos Estados Membros para a súa aplicación.
- C) De dereito derivado, de alcance xeral e de obrigado e directo cumprimento.
- D) De dereito orixinario, de alcance particular e de obrigado e directo cumprimento.

75. Segundo o artigo 25 Lei 1/2016 de transparencia e bo goberno, as limitacións ao acceso á información pública:

- A) Serán adoptadas en exercicio da discrecionalidade administrativa.
- B) Haberán de interpretarse sempre de maneira restritiva e xustificada.
- C) Só poderán establecerse regulamentariamente.
- D) Terán duración indeterminada en todos os casos.

76. Cal dos seguintes informes é facultativo nun procedemento de responsabilidade patrimonial?

- A) O do servizo cuxo funcionamento ocasionase a presunta lesión indemnizable.
- B) Nun procedemento por responsabilidade patrimonial polo funcionamento anormal da Administración de Xustiza, o informe do Consello Xeral do Poder Xudicial.
- C) Nun procedemento de contía de 40.000,00 euros, na Administración Xeral do Estado, o informe do Consejo de Estado.
- D) Nun procedemento de contía de 30.000,00 euros, na Administración da Comunidade autónoma de Galicia, o informe do Consello Consultivo.

77. Sinalar a resposta correcta segundo o establecido na Lei Orgánica 11/1985, do 2 de agosto, de Liberdade Sindical:

- A) Os traballadores por conta propia que non teñan traballadores ao seu servizo, os traballadores en paro e os que cesasen na súa actividade laboral, como consecuencia da súa incapacidade ou xubilación, non poderán fundar sindicatos que teñan por obxecto a tutela dos seus intereses singulares.
- B) As Seccións Sindicais dos sindicatos máis representativos e dos que teñan representación nos comités de empresa e nos órganos de representación que se establezan nas Administracións públicas ou contén con delegados de persoal terán dereito á utilización dun local adecuado no que poidan desenvolver as súas actividades naquelas empresas ou centros de traballo con número de traballadores igual ou superior a 250.
- C) A unha empresa de 3000 traballadores, correspóndenlle, en todo caso, tres delegados sindicais por cada sección sindical dos sindicatos que obtivesen o 10 por cento dos votos na elección ao Comité de Empresa.
- D) Aqueles que ostenten cargos electivos a nivel provincial, autonómico ou estatal, nas organizacións sindicais máis representativas, terán dereito ao goce dos permisos retribuídos necesarios para o desenvolvemento das funcións sindicais propias do seu cargo, podéndose establecer, por acordo, limitacións ao goce dos mesmos en función das necesidades do proceso produtivo.

78. Seguindo o Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia, para a xustificación dun gasto de compra de material de oficina que fixo un centro sanitario utilizando os fondos de anticipos de caixa fixa, que asento contable faremos?

- A) 629 Material de oficina non inventariable, ao debe e 5581 Provisións de fondos para anticipos de caixa fixa pendentes de xustificación, ao haber.
- B) 220 Material de oficina non inventariable, ao debe e 400 Acredores por obrigas recoñecidas, ao haber.
- C) 5581 Provisións de fondos para anticipos de caixa fixa pendentes de xustificación, ao debe e 220 Material de oficina non inventariable, ao haber.
- D) 570 Caixa, ao debe e 220 Material de oficina non inventariable, ao haber.

79. Se a Administración ten constancia de que un profesional sanitario accede indebidamente á historia clínica dun paciente, pode:

- A) Iniciar un procedemento disciplinario contra o profesional.
- B) Poñer os feitos en coñecemento do Ministerio Fiscal pola posible comisión dun delito de revelación de segredos.
- C) Repetir contra o profesional sanitario a posible responsabilidade patrimonial que reclamase o paciente.
- D) Todas as opcións son correctas.

80. O financiamento das Comunidades Autónomas réxese por:

- A) A Lei Orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de Financiamento das Comunidades Autónomas e polo Estatuto de cada unha das devanditas comunidades.
- B) A Lei Orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de Financiamento das Comunidades Autónomas e a Lei de Orzamentos Xerais do Estado para cada ano.
- C) A Lei Orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de Financiamento das Comunidades Autónomas.
- D) A Lei Orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de Financiamento das Comunidades Autónomas, polo Estatuto de cada unha das devanditas comunidades e o Regulamento (UE) 2021/1058 do Parlamento Europeo e do Consello do 24 de xuño de 2021 relativo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e ao Fondo de Cohesión.

81. Conforme ao Decreto 200/1993, do 29 de xullo, de ordenación da atención primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, a unidade de atención primaria, que contará co adecuado soporte técnico, NON realizará as seguintes funcións:

- A) Educación para a saúde.
- B) Asistencia sanitaria.
- C) Xurídico-administrativas.
- D) Supervisión dos produtos farmacéuticos e sanitarios por receitas médicas ou orde de dispensación tramitados na unidade.

82. No Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, recóllese no seu artigo 8 que son empregados públicos quen desempeña funcións retribuídas nas Administracións Públicas ao servizo dos intereses xerais. Clasificándose os empregados públicos en:

- A) Persoal funcionario de carreira, persoal funcionario interino, persoal estatutario, persoal laboral ou persoal eventual.
- B) Persoal funcionario de carreira, persoal funcionario interino, persoal laboral ou persoal eventual.
- C) Persoal funcionario de carreira, persoal estatutario, persoal laboral ou persoal eventual.
- D) Persoal funcionario de carreira, persoal laboral ou persoal eventual.

83. A efectos da Lei Orgánica 3/2021, do 24 de marzo, de regulación da eutanasia:

- A) Enténdese por «Enfermidade grave e incurable» a situación que fai referencia a limitacións que inciden directamente sobre a autonomía física e actividades da vida diaria, de maneira que non permite valerse en por si, así como sobre a capacidade de expresión e relación, e que levan asociado un sufrimento físico ou psíquico constante e intolerable para quen o padece, existindo seguridade ou gran probabilidade de que tales limitacións vaian persistir no tempo sen posibilidade de curación ou melloría apreciable. En ocasións pode supoñer a dependencia absoluta de apoio tecnolóxico.
- B) Contra a denegación da prestación de axuda para morrer, a persoa que presentase a mesma poderá presentar nun prazo máximo de quince días naturais unha reclamación ante a comisión de Garantía e Avaliación competente.
- C) As denegacións da prestación de axuda para morrer deberán realizarse sempre por escrito e de xeito motivado pola Comisión de Garantía e Avaliación competente.
- D) Para poder recibir a prestación de axuda para morrer será necesario: ter a nacionalidade española ou residencia legal en España ou certificado de empadramento que acredite un tempo de permanencia en territorio español superior a seis meses, ter maioría de idade e ser capaz e consciente no momento da solicitude.

84. Sinale a resposta correcta segundo o establecido no Real Decreto-lei 17/1977, do 4 de marzo, sobre relacións de traballo:

- A) Son nulos os pactos establecidos en Convenios Colectivos que conteñan a renuncia ou calquera outra restrición ao dereito de folga.
- B) Desde o momento do aviso previo e durante a folga, o comité de folga e o empresario, e no seu caso os representantes designados polos distintos comités de folga e polos empresarios afectados, deberán negociar para chegar a un acordo, sen prexuízo de que en calquera momento os traballadores poidan dar por terminada aquela.
- C) Cando a folga afecte a empresas encargadas de calquera clase de servizos públicos, o aviso previo do comezo de folga ao empresario e á autoridade laboral haberá de ser, polo menos, de dez días hábiles. Os representantes dos traballadores deberán dar á folga, antes da súa iniciación, a publicidade necesaria para que sexa coñecida polos usuarios do servizo.
- D) Corresponde ao comité de folga participar en cantas actuacións sindicais, administrativas ou xudiciais se realicen para a solución do conflito. A composición do comité de folga non poderá exceder de quince persoas.

85. Sinalar a resposta correcta segundo o establecido no Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público:

- A) A negociación colectiva de condicións de traballo dos funcionarios públicos estará suxeita aos principios de legalidade, cobertura orzamentaria, voluntariedade, boa fe negocial, publicidade e transparencia.
- B) Serán obxecto de negociación a regulación e determinación concreta, en cada caso, dos sistemas, criterios, órganos e procedementos de acceso ao emprego público e a promoción profesional.
- C) O proceso de negociación abrirase, en cada Mesa, na data que, de común acordo, fixen a Administración correspondente e a maioría da representación sindical. A falta de acordo, o proceso iniciarase no prazo máximo dun mes desde que a maioría dunha das partes lexitimadas o promova, salvo que existan causas legais ou pactadas que o impidan.
- D) Las Mesas sectoriais quedarán validamente constituídas cando ademais da representación da Administración correspondente, e sen prexuízo do dereito de todas as organizacións sindicais lexitimadas a participar nelas en proporción á súa representatividade, tales organizacións sindicais representen a maioría dos membros dos órganos unitarios de representación no ámbito de que se trate.

86. Seguindo o Plan Xeral de Contabilidade Publica de Galicia, que conta ao debe e que conta ao haber se empregan para o control orzamentario, na contabilización da autorización da compra de 60 computadores para un Hospital?

- A) 0030 Créditos Disponibles, ao Debe e 004 Presuposto Gastos Autorizados, ao Haber.
- B) 005 Presuposto Gastos Comprometidos, ao Debe e 004 Presuposto Gastos Autorizados, ao Haber.
- C) 000 Presuposto Exercicio corrente, ao Debe e 0032 Créditos retidos para transferencia, ao Haber.
- D) 400 Acredores por obrigas recoñecidas do Orzamento gasto corrente ao Debe e 571 Bancos. Contas operativas, ao Haber.

87. Cal das seguintes afirmacións NON define as características dunha base de datos documental:

- A) Caracterízanse por almacenar información en rexistros, cada un dos cales funciona como unha unidade autónoma de información.
- B) As bases de datos orientadas a documentos usan documentos para o almacenamento de todos os rexistros e os datos asociados a eles.
- C) Unha base de datos de documentos é unha das principais variantes das bases de datos non relacionais ou NoSQL.
- D) Ao ser un tipo de base de datos relacional, outra das súas principais características é que a información está contida en táboas.

88. Sinale a resposta correcta segundo o establecido na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia:

A) As administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación da presente lei poden utilizar para a selección do seu persoal os sistemas de oposición, concurso-oposición e, excepcionalmente, concurso, nos termos previstos nas correspondentes convocatorias de selección.

B) O posto de traballo asignado na situación de traslado por motivos de violencia de xénero ou de violencia sexual terá carácter definitivo, sempre que a interesada estea conforme. De non manifestar a súa conformidade no prazo de tres anos desde a asignación do posto, o destino terá carácter provisional.

C) Os órganos dos que dependan funcionalmente os empregados públicos poden asignar aos mesmos con carácter temporal, polo tempo imprescindible e, en todo caso, por un período máximo de tres meses, funcións, tarefas ou responsabilidades distintas ás correspondentes ao posto de traballo que desempeñen, sempre que resulten adecuadas á súa clasificación, categoría e grao, e a condición de que as necesidades do servizo o xustifiquen.

D) O persoal funcionario de carreira pode ser adscrito a un posto de traballo en comisión de servizos forzosa por un prazo máximo de seis meses cando por necesidades do servizo sexa urxente a súa provisión e non sexa posible a súa cobertura por algún dos sistemas de mobilidade voluntaria previstos en Capítulo III do Título VI desta Lei.

89. Os actos ditados no exercicio de potestades discretionais:

A) Non poden ser obxecto de control por parte da xurisdición contenciosa.

B) Non requiren motivación.

C) Permiten escoller á Administración entre dous ou máis resultados a priori válidos dentro da legalidade.

D) Non poden ser obxecto de revisión de oficio.

90. Sinalar a correcta respecto ás melloras retributivas e de traballo do persoal das institucións sanitarias do Servizo galego de Saúde acordadas na Mesa sectorial do 20 de abril do 2023:

A) Foron aprobadas por Acordo do Consello da Xunta e publicadas mediante a Orde do 30 de xuño de 2023.

B) Estableceuse o incremento do valor hora da quinta garda e sucesiva que realice nun mes o personal facultativo especialista, cun valor total de 37 euros/hora garda de presenza física.

C) Estableceuse o incremento do complemento de aquedamento, tanto de rotación simple como complexa, nun 8,9%.

D) Estableceuse o incremento do módulo da noite de venres, pola dificultade da súa cobertura: a partir do 1 de xullo de 2023 considerase noite de fin de semana, con valor do módulo do sábado.

91. Segundo o establecido no Decreto 55/2015, do 26 de marzo, polo que se regula o exercicio do dereito á libre elección de persoal médico de familia, pediatra e persoal de enfermaría en atención primaria, e de centro ou complexo hospitalario por un problema de saúde novo, no Sistema público de saúde de Galicia:

A) Non están incluídos na libre elección a atención de urxencia, a atención domiciliaria, o transporte sanitario programado e os servizos de apoio de atención primaria.

B) En calquera caso, terán a consideración de problema de saúde novo as indicacións de intervencións cirúrxicas e complicacións de procedementos realizados previamente.

C) A presentación das solicitudes para a elección de profesionais de atención primaria realizarase unicamente por medios electrónicos.

D) O exercicio do dereito de garantía de tempos máximos non poderá interferir no pleno exercicio do dereito de libre elección.

92. Ao centro Galego para o Control e Prevención das Enfermidades correspóndelle o exercicio das seguintes funcións:

- A) A xestión da Rede galega de vixilancia en saúde pública, do Rexistro Galego de Tumores e do Rexistro de Interrupcións Voluntarias do embarazo, a través do Servizo de Alertas Epidemiolóxicas.
- B) A elaboración das directrices da dirección xeral competente en materia de planificación, coordinación e avaliación das actuacións de prevención e control das enfermidades e as resistencias a antibióticos, así como a detección precoz de enfermidades.
- C) A planificación, en colaboración cos órganos que xestionan as actividades desenvolvidas pola Escola Galega de Saúde Pública, de estudos de investigación e de actividades de formación no ámbito da epidemioloxía e da prevención das enfermidades transmisibles.
- D) A interlocución e coordinación a nivel nacional cos organismos competentes no ámbito da vixilancia epidemiolóxica, a detección precoz e control das enfermidades.

93. Son actos nulos de pleno dereito:

- A) Os actos ditados por órganos manifestamente incompetentes por razón da materia ou do territorio.
- B) Os actos ditados por órganos manifestamente incompetentes por razón da materia, do territorio ou xerarquía.
- C) Os actos ditados con desviación de poder.
- D) Os actos ditados fóra do tempo establecido para eles.

94. Segundo o establecido no Decreto 54/2015, do 12 de marzo, polo que se regulan o procedemento e os efectos da garantía do dereito á segunda opinión médica no Sistema público de saúde de Galicia:

- A) Na páxina web do Servizo Galego de Saúde publicarase un catálogo en liña, no que se identificarán as patoloxías respecto das cales se poderá exercer o dereito á segunda opinión médica. Este catálogo ten carácter limitativo en canto as patoloxías respecto das cales se poderá exercer o dereito.
- B) Transcorrido o prazo para resolver a solicitude de segunda opinión, sen que se emitise a resolución, entenderase que esta é favorable por silencio administrativo.
- C) A solicitude de segunda opinión médica realizarase por escrito, e dirixirase ao servizo de admisión do hospital de referencia do/a paciente.
- D) O prazo para a resolución dunha solicitude de segunda opinión médica, computarase desde que a solicitude tivo entrada no servizo de admisión do hospital de referencia do/a paciente.

95. Cal das seguintes é unha das especialidades do contrato de servizos que leve consigo prestacións directas á cidadanía?

- A) Antes de proceder á contratación dun servizo desta natureza deberá establecerse o seu réxime xurídico, que declare expresamente que a actividade de que se trata queda asumida polo contratista respectivo como propia do mesmo, determine o alcance das prestacións en favor dos administrados, e regule os aspectos de carácter xurídico, económico e administrativo relativos á prestación do servizo.
- B) Os bens afectos aos servizos regulados no presente artigo poderán ser obxecto de embargo, coas condicións previstas para os bens de dominio público previstas na normativa de patrimonio.
- C) A Administración conservará os poderes de policía necesarios para asegurar a boa marcha dos servizos que conleven prestacións directas a favor da cidadanía de que se trate.
- D) Se do incumprimento por parte do contratista derivácese perturbación grave e non reparable por outros medios no servizo a Administración deberá acordar o secuestro ou intervención do mesmo ata que aquela desapareza, antes de proceder no seu caso á resolución do contrato.

96. Sinale a resposta correcta segundo o establecido na Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema Nacional de Saúde, sobre o Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde:

- A) O Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde é o órgano permanente de coordinación, cooperación, comunicación e información dos servizos de saúde entre eles e coa Administración do Estado, que ten como finalidade promover a cohesión do Sistema Nacional de Saúde a través da garantía efectiva e normativa dos dereitos dos cidadáns en todo o territorio do Estado.
- B) A vicepresidencia da Comisión Delegada do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde a ostentará un dos representantes das comunidades autónomas, elixido por todos os representantes deste nivel de goberno que a integran.
- C) Para o seu adecuado funcionamento, o Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde poderá aprobar o seu regulamento interno.
- D) Os acordos do Consello plasmaranse a través de recomendacións que se aprobarán, no seu caso, por maioría de 2/3 dos seus membros.

97. Nas follas de cálculo máis utilizadas, é posible cambiar o formato das celas; numérico, moeda, texto, data, etc. Se se modifica o formato dalgunhas celas que forman parte dunha operación de suma na mesma columna, esta modificación provocará que varíe o formato da cela onde está o resultado total da operación de suma?

- A) Si, varía o formato automaticamente na cela do resultado.
- B) Si, tamén varía o formato e os valores da cela de resultado.
- C) O formato e os valores da cela do resultado non cambian.
- D) Non pode cambiar o formato dunha cela que forme parte dunha operación de suma nunha columna porque afecta aos valores do resultado.

98. Sinale a resposta correcta respecto a a estrutura e funcións da Organización Mundial da Saúde (OMS):

- A) A gobernanza exerceuse a través da Asemblea da saúde e o Consello directivo.
- B) A misión da OMS é promover a saúde, preservar a seguridade mundial e servir ás persoas vulnerables.
- C) A OMS ten un director xeral, 6 directores de oficinas rexionais e 198 estados membros.
- D) Somalia pertence á oficina rexional para África.

99. Un Decreto-lei dos regulados no artigo 86 da Constitución:

- A) Só pode ser empregado en caso de extraordinaria e urxente necesidade.
- B) Debe ser convalidado ou derogado polo Congreso dos Diputados no prazo de vinte días.
- C) Pode desenvolver o dereito de liberdade relixiosa.
- D) Unha vez o Decreto-lei regula unha materia, esta non poderá ser modificada por unha lei ordinaria.

100. Segundo o Capítulo III da lei 40/2015 da lei 40/2015 de réxime xurídico do sector público, cal dos seguintes NON é un principio da potestade sancionadora:

- A) O principio de retroactividade.
- B) O principio de legalidade.
- C) O principio de tipicidade.
- D) O principio de proporcionalidade.

1. Cal das seguintes non é unha potestade propia das Administracións públicas?

- A) A potestade tributaria.
- B) A potestade expropiatoria.
- C) A potestade certificante.
- D) A potestade contratante.

2. Nunha folla de cálculo cos datos dispostos en varias filas e varias columnas, na que existen filas con celas combinadas, como se procedería para que todos os datos da folla quedasen ordenados segundo un criterio elixido?

- A) Seleccionando todas as filas e aplicando o criterio de ordenación elixido.
- B) Seleccionando todas as columnas e establecendo o criterio de ordenación elixido.
- C) Agrupando todas as filas e columnas segundo a orde da primeira columna e aplicando o criterio de ordenación elixido.
- D) Agrupando todas as filas que manteñan o mesmo formato de combinación das súas celas e aplicando o criterio de ordenación elixido en cada agrupamento.

3. Un facultativo sanitario cometeu unha infracción que foi calificada como grave. Cal das seguintes podería impoñerse como sanción neste caso?

- A) Separación do servizo.
- B) Prohibición de participar en procedimentos de mobilidade por un período de 5 anos.
- C) Suspensión de funcións por 3 anos.
- D) Traslado forzoso a outra institución ou centro.

4. Segundo a lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, os tributos, calquera que sexa a súa denominación, clasifícanse en:

- A) Taxas, contribucións especiais e impostos.
- B) Taxas, prezos públicos e impostos.
- C) Contribucións especiais, impostos e prezos públicos.
- D) Taxas e prezos públicos.

5. Da suma total do orzamento xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025, que porcentaxe aproximado dos créditos que o conforman é destinado a gasto sanitario?

- A) 29% do total do orzamento.
- B) 43% do total do orzamento.
- C) 39% do total do orzamento.
- D) 34% do total do orzamento.

6. Sinala a resposta correcta segundo o establecido no artigo 38 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado público:

- A) Cando os Acordos fosen ratificados e afecten a temas que poden ser decididos de forma definitiva polas Administracións Públicas, o contido dos mesmos será directamente aplicable ao persoal incluído no seu ámbito de aplicación, sen prexuízo de que a efectos formais se requira a modificación ou derogación, no seu caso, da normativa regulamentaria correspondente.
- B) Cando exista falta de ratificación dun Acordo ou, no seu caso, unha negativa expresa a incorporar o acordado no proxecto de lei correspondente, deberá iniciarse a renegociación das materias tratadas no prazo dun mes, se así o solicitase polo menos a maioría dunha das partes.
- C) Os Acordos celebraranse sobre materias que se correspondan estritamente co ámbito competencial do órgano administrativo que o subscriba e aplicaranse directamente ao persoal do ámbito correspondente.
- D) Os Pactos e Acordos deberán determinar como mínimo as partes que os concertan, o ámbito funcional, territorial e temporal, así como o prazo de aviso previo e condicións de denuncia dos mesmos.

7. Que circunstancia do alta hospitalaria se contempla na orde do 7 de abril de 1993 que regula o Conxunto Mínimo de Datos de alta hospitalaria na Comunidade Autónoma de Galicia:

- A) Alta por orde xudicial.
- B) Traslado a centros sociosanitarios.
- C) Recaída.
- D) Traslado a centros penais.

8. O recurso especial en materia de contratación:

- A) Pode presentarse fronte a calquera acto na preparación, adxudicación e execución dos contratos previstos no seu ámbito de aplicación.
- B) Pode presentarse sempre en relación con contratos de concesión de obra ou servizo, independentemente da contía destes.
- C) Non se pode dar en relación cos procedementos de adxudicación que se sigan polo trámite de emerxencia.
- D) Ten carácter preceptivo, con carácter previo ao recurso contencioso-administrativo.

9. Sinala a resposta correcta segundo o establecido na Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema Nacional de Saúde, sobre a Alta Inspección:

- A) Cando, como consecuencia do exercicio das funcións de Alta Inspección, se comprobaren incumprimentos por parte da comunidade autónoma, as autoridades sanitarias do Estado advertiranlle desta circunstancia a través do máximo órgano responsable do servizo de saúde de cada comunidade autónoma.
- B) Corresponde á Alta Inspección supervisar o destino e utilización dos fondos e subvencións propios do Estado asignados ás comunidades autónomas que teñan un destino ou finalidade determinada.
- C) As decisións que adopte a Administración do Estado en exercicio das súas competencias de Alta Inspección comunicaranse sempre ao máximo órgano de goberno de cada comunidade autónoma.
- D) A Alta Inspección do Sistema Nacional de Saúde elaborará unha memoria anual sobre o funcionamento do sistema que deberá presentarse ao Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde para a súa aprobación.

10. Segundo o establecido no Decreto 54/2015, do 12 de marzo, polo que se regulan o procedemento e os efectos da garantía do dereito á segunda opinión médica no Sistema público de saúde de Galicia:

A) A persoa titular da xerencia da estrutura organizativa de xestión integrada, logo de requirir, se o considera oportuno, os informes complementarios necesarios, resolverá motivadamente sobre a solicitude no prazo de 15 días hábiles contados desde a data de recepción desta.

B) Emitido o informe de segunda opinión o/a paciente, ou quen o/a represente, poderá optar por que a atención sanitaria sexa prestada, no centro de referencia, segundo o diagnóstico ou proposta terapéutica inicial, ou ben no centro en que se emitise a segunda opinión médica, de acordo, neste caso, co diagnóstico ou proposta terapéutica do informe de segunda opinión.

C) No caso de que a resolución da solicitude sexa favorable, a emisión da segunda opinión deberá realizarse no prazo de quince días hábiles, contados desde o día seguinte ao da súa emisión.

D) No caso de tratarse dunha recidiva tumoral ou dunha proposta de tratamentos de nova aparición, poderá solicitarse novamente unha segunda opinión médica.